



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 30.01.2025

No uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- CONVOCAR sesión **ordinaria** que realizará **O CONCELLO PLENO** na Casa Consistorial, o vindeiro **30 de xaneiro de 2025 ás 20:00 h** en primeira convocatoria, e procederase en segunda de acordo co estipulado no artigo 90.2 do R.O.F.

Segundo.- Que pola Secretaria se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen ao seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto.

Terceiro.- Incluír na Orde do Día da devandita sesión o seguinte asunto:

ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 28.11.2024**
- 2. RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/3. REX 1/2025.**
- 3. MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025**
- 4. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSDG-PSOE E BNG NO REFERIDOA AS CARENCIAS HUMANAS E ESTRUCTURAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO**
- 5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 44/2025, DE 27 DE XANEIRO. CORRECIÓN DE ERRO SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADIC 1/2025"**
- 6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA**
- 7. MOCIÓNS DE URXENCIA**
- 8. ROGOS E PREGUNTAS**

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.